

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2017/03

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 11 de maio de 2017

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e trinta e nove minutos do día **11 de maio de 2017** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **ORDINARIO** baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Por Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D.Ana María Martínez Fernández.

Dona María Luz Alvarez Lastra

D. Vicente Castro Reigosa

D.Xosé Farruco Graña Rama

Dona María Sonia Meilán Vizoso

D.David Rivas Peña (excusa ausencia)

Dona María da Paz Ermida Igrexas

D.Jorge Díaz Freije

Dona Vanesa Yanes Rivas

Por Partido Popular

D.Jesús López Penabad

Dona María Rosina Tosar López

D.José Juan Estevez Fernández

D. José María García Suárez

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

Dona Aurora González Ginzo

Dona Cristina Losas Soria

Por Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Dona Marta María Saiz García

Secretario Xeral:

D.José A. Carro Asorey

Interventor:

D.Luis R.Vázquez Parga

Técnico de Admón.Xeral.

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESION ANTERIOR DE DATA 23 DE MARZO DE 2017.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Concelleira Dona Aurora González Ginzo do Grupo Socialista fai constar que non estaba presente na sesión de 24 de xaneiro de 2017, ordinaria, e que polo tanto na sesión de 23 de marzo de 2017 non prestou aprobación á referida acta polo que debería constar así, corrixíndose no procedente.

Sinala tamén a mesma Concelleira que nun parágrafo relativo ao punto 3 da acta de 23 de marzo de 2017 se indica na súa intervención que “haberá xente que non traballe e non pioda acudir pola tarde” cando o que ella indicou e “que haberá xente que traballe e non pioda acudir pola tarde...” polo que tamén debe corrixirse neste senso.

Por último sinala que deberían numerarse as páxinas das actas.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria, acorda prestarlle a súa aprobación coas modificacións indicadas.

2.-EXPEDIENTE 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN APROBATORIA DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2020.-

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado

“Dase conta á Comisión do asunto epigrafiado.

Por parte do Interventor explícase resumidamente o asunto.

A Comisión dase por enterada.”

A instancia da Alcaldía o Interventor explica de xeito resumido en que consiste este expediente.

A Corporación queda enterada.

3.-EXPEDIENTE N.º 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE DO ARTIGO 10 DA OM DE 01/10/2012, 1º T/2017

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado

“Dase conta á Comisión do asunto epigrafiado.

Por parte do Interventor explícase resumidamente o asunto.

A Comisión dase por enterada.

A instancia da Alcaldía o Interventor explica de xeito resumido en que consiste este expediente.

A Corporación queda enterada.

4.-EXPEDIENTE N.º 443/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN APROBATORIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERA DO EXERCICIO 2016.

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado

“Dase conta á Comisión do asunto epigrafiado.

Por parte do Interventor explícase resumidamente o asunto.

A Comisión dase por enterada.

A instancia da Alcaldía o Interventor explica de xeito resumido en que consiste este expediente.

A Corporación queda enterada.”

5.-EXPEDIENTE N.º 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DO INFORME TRIMESTRAL PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTOS, CORRESPONDENTE AO 1ºT/2017.

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado

“Dase conta á Comisión do asunto epigrafiado.

Por parte do Interventor explícase resumidamente o asunto.

A Comisión dase por enterada.”

A instancia da Alcaldía o Interventor explica de xeito resumido en que consiste este expediente.

A Corporación queda enterada.

6.- EXPEDIENTE N.º 142/2017 PARA DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO CORRESPONDENTE AO 1ºT/2017

Ponse de manifesto o ditame da Comisión Informativa sobre o asunto epigrafiado

“Dase conta á Comisión do asunto epigrafiado.

Por parte do Interventor explícase resumidamente o asunto.

A Comisión dase por enterada.”

A instancia da Alcaldía o Interventor explica de xeito resumido en que consiste este expediente.

A Corporación queda enterada.

7.- EXPEDIENTE N.º 1380/2017 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 06/2017.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do expediente tramitado e Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 06/2017 do Orzamento Xeral do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

- Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 21/04/2017 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente no disposto no artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e substentabilidade financeira, que sinala que no caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, como é o caso do Concello de Ribadeo, este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda, polo que procedería amortizar, cando menos parcialmente, algunha das operacións de crédito vixentes, para o que será precisa unha modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de SEISCENTOS mil euros (600.000,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/03/2017. O importe en cuestión destinarase a saldar parcialmente a operación de crédito nº 105149 asinada en 2012 con ABANCA, incluída no plan de pagamento a provedores, da que no momento actual restarían por cancelar aproximadamente 1.160.576,00 euros. O motivo da elección é que é a operación máis importante que aínda ten o concello, e a marxe sobre o EURIBOR a 3 meses que ten o seu tipo, un 4,02 %, é moi superior á das restantes, o fai que sexa a máis antieconómica das vixentes

Visto o informe de Intervención emitido o día 21/04/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior e á redución do endebedamento neto.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 06/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de seiscientos mil euros (600.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 06 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Altas nas partidas de gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
011.91300.	Débeda pública. Amortización operacións de crédito a m/p e l/p	222.516,47	600.000,00	822.516,47
Total expediente de modificación de crédito 06/2017				600.000,00

Altas en conceptos de ingresos/Artigo 43.1.a), b) e c) do Real decreto 500/1990

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	Remanente líquido de tesourería para gastos xerais	0,00	600.000,00	600.000,00
Total expediente de modificación de crédito 06/2017				600.000,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

Por Intervención faise un resumo breve explicativo do asunto.

A Comisión Informativa en votación ordinaria por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación á referida proposta e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.”

8.- EXPEDIENTE Nº 1414/2017, MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 07/2017.

Dase conta do expediente tramitado e Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 7/2017 do Orzamento Xeral do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

– Que na providencia-memoria de Alcaldía de inicio de data 26/04/2017 xustifícase o motivo da tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentarse, de acordo co seguinte:

- Partida 432.61900: O incremento de crédito destinarase a atender necesidades urxentes en obras de reposición de inmobles da área de turismo que non se recolleron no orzamento inicial, en concreto a reposición das portas da oficina de turismo que se atopan nunha condición lamentable e a mellora nas duchas do albergue de Vilela, para corrixir filtracións de auga ao resto do inmovible, que nestes momentos non se atopa operativo por este motivo
- Partida 454.61900: Neste caso dáse cobertura a plans que tampouco se recolleron no orzamento inicial na área de camiños e vías públicas ou non na súa

totalidade. En concreto:

- Plan de mellora de acceso a explotacións agrícolas. Estímase como achega con fondos propios a este plan autonómico un total de 15.000,00 € ao que pode ascender o IVE das obras
 - Plan único de colaboración provincial cos concellos. Estímase unha achega de fondos propios de 35.000,00 euros para melloras de acceso a núcleos rurais de poboación.
- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/03/2017.

Visto o informe de Intervención emitido o día 26/04/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 07/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €), na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 07 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

PARTIDAS DE GASTOS AFECTADAS.

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
432.61900	18.000,00	15.000,00	33.000,00
454.61900	200.000,00	50.000,00	250.000,00
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 07/2017			65.000,00

--	--

– FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	600.000,00	65.000,00	665.000,00
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 07/2017			65.000,00

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderáse que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

A Comisión Informativa en votación ordinaria por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación á referida proposta e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

9.- EXPEDIENTE Nº 1421/2017, MODIFICACION DE CRÉDITO 08/2017.

Dase conta do expediente tramitado e Proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente incoado por esta Alcaldía para a aprobación da modificación de crédito número 08/2017 do Orzamento Xeral do exercicio 2017 e tendo en conta os seguintes antecedentes de feito:

– Que na providencia de Alcaldía de inicio de data 27/04/2017 xustifícase o motivo da

tramitación deste expediente mediante unha relación das partidas do Estado de Gastos que precisan aumentarse, que en concreto son as que forman parte do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 02/2017, tendo en conta que a necesidade de maior consignación nas partidas en cuestión provén da obriga de recoñecer as obrigas de exercicios anteriores que se inclúen en dito expediente, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, atendendo ao recollido no artigo 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 216.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

- Que o importe total da proposta de modificación que formula a Alcaldía ascende á cantidade de cincuenta e un mil catrocentos corenta e un euros e trinta e un céntimos (51.441,31 €), e finánciase co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/03/2017.

Visto o informe de Intervención emitido o día 27/04/2017 e considerando os seguintes fundamentos xurídicos:

- Os artigos 169, 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regulan os expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito, que se complementan nos artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario e nas Bases de Execución do Orzamento.
- Artigo 32 e disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira, relativos ao posible destino do superávit orzamentario, que entre outros prevé a súa aplicación para atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

De conformidade co exposto propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 08/2017 de modificación do Orzamento Xeral de 2017 por importe de cincuenta e un mil catrocentos corenta e un euros e trinta e un céntimos (51.441,31 €), na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado co remanente de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2016, segundo se detalla nas táboas que de seguido se reflicten:

MODIFICACIÓN NÚMERO 08 DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2017 POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

PARTIDAS DE GASTOS AFECTADAS.

PARTIDA	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
132.21300	400,00	33,88	433,88

132.22699	700,00	5,99	705,99
136.21300	200,00	9,68	209,68
136.21400	5.000,00	185,78	5.185,78
151.22000	400,00	3,57	403,57
153.20400	3.000,00	110,00	3.110,00
153.21300	15.000,00	4,84	15.004,84
153.21400	14.000,00	208,29	14.208,29
153.22104	2.000,00	1.687,58	3.687,58
153.22199	30.000,00	1.174,44	31.174,44
153.22799	3.000,00	764,49	3.764,49
160.20900	0,00	3.401,37	3.401,37
161.20900	6.000,00	5.005,98	11.005,98
161.61900	0,00	2.923,64	2.923,64
1621.22104	800,00	2.341,64	3.141,64
1621.21300	600,00	14,52	614,52
1621.22700	10.000,00	1.217,79	11.217,79
1621.62300	8.000,00	1.987,80	9.987,80
1622.20000	6.000,00	4.356,00	10.356,00
1622.22700	25.000,00	367,40	25.367,40
163.21300	8.000,00	4,84	8.004,84
164.22104	200,00	131,22	331,22
165.21000	1.000,00	300,81	1.300,81
170.20400	0,00	304,92	304,92
170.21200	0,00	152,75	152,75
170,21300	1.000,00	50,82	1.050,82

170.22199	3.000,00	420,54	3.420,54
170.22706	15.000,00	510,62	15.510,62
170.22799	0,00	965,58	965,58
171.21300	14.000,00	39,93	14.039,93
231.21300	200,00	24,20	224,20
231.22199	0,00	39,19	39,19
231.22630	8.000,00	1.799,87	9.799,87
312.21200	4.000,00	127,07	4.127,07
323.21200	4.000,00	89,96	4.089,96
323.21300	600,00	203,28	803,28
326.20300	1.000,00	41,77	1.041,77
326.21200	1.000,00	48,29	1.048,29
326.21300	400,00	55,66	455,66
326.62300	2.500,00	672,00	3.172,00
334.21200	3.000,00	6,30	3.006,30
334.21300	400,00	425,92	825,92
334.22609	60.000,00	5.600,50	65.600,50
337.21300	0,00	67,76	67,76
337.22199	0,00	5,84	5,84
337.22699	67.000,00	1.424,26	68.424,26
341.20300	500,00	302,50	802,50
341.22699	6.000,00	1.742,31	7.742,31
342.21200	11.000,00	654,96	11.654,96
342.21300	2.000,00	531,19	2.531,19
4312.21300	0,00	67,76	67,76

4312.22110	500,00	20,51	520,51
4311.22600	2.500,00	7,14	2.507,14
431.22610	13.000,00	339,77	13.339,77
432.21300	600,00	19,36	619,36
432.22625	11.000,00	689,70	11.689,70
912.22601	6.000,00	89,35	6.089,35
912.22602	5.000,00	181,50	5.181,50
920.21200	6.000,00	2,66	6.002,66
920.21300	500,00	106,48	606,48
920.22199	0,00	8,17	8,17
920.22699	600,00	3,04	603,04
920.22706	19.500,00	1.463,38	20.963,38
944.42110	12.000,00	5.892,95	17.892,95
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 08/2017			51.441,31

– FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE

ESTADO DE INGRESOS			
CONCEPTO	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
87000	665.000,00	51.441,31	716.441,31
TOTAL MODIFICACIÓN CRÉDITO 08/2017			51.441,31

SEGUNDO. – Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán alegacións polos interesados, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.”

A Comisión Informativa en votación ordinaria por sete votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG, PSG-PSOE e mixto) e dous en contra (dos membros do Grupo Popular) acorda prestar aprobación á referida proposta e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

10.-EXPEDIENTE Nº 1632/2016 RELATIVO Á PETICIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE CESIÓN DUN TREITO DO VIARIO PROVINCIAL LU-P-610.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDIA-PRESIDENCIA PARA ADOPCION DE ACORDO POLO PLENO MUNICIPAL.-

Visto informe emitido polo equipo redator do Plan Especial da Praia das Catedrais en relación cos accesos á Praia de As Catedrais utilizando os viarios provinciais existentes na zona, concretamente viarios sinalados cos números LU-P5209 de acceso dende a A-8 e N-634 á praia de As Catedrais que conflúe na LU-P-610.

Vistos anteriores acordos municipais de datas 30 de maio e 22 de setembro de 2016 de petición de cesión de viarios e aceptación dos mesmos.

Visto novo informe emitido con data de entrada neste Concello o 11 de abril de 2017 por parte do equipo redator do Plan Especial de referencia, indicando a previsión do Plan para convenir finalmente a cesión completa do viario provincial LU-P-0610.

Visto igualmente o informe emitido polo Arquitecto municipal con data 24 de abril de 2017 no que, en base a todo o anterior, se sinala que non existe inconveniente para a aceptación por parte do Concello, das propostas realizadas polo equipo redator como previsión da estratexia do Plan Especial da Praia das Catedrais, de tal forma que se aceptan ditos criterios por parte da Deputación Provincial de Lugo, para poder ceder o tramo referido da estrada LU-P-0610 dende o P.Q. 7+560 a P.Q. 8+620, completándose deste xeito a lonxitude completa do viario indicado, indicando ademais o referido técnico municipal que o citado tramo se atopa en bo estado de conservación,

Esta Alcaldía,

PROPON ao Pleno Municipal, que previo ditame da Comisión Informativa correspondente se

adopte o seguinte acordo:

1º.- Solicitar á Excmo. Deputación Provincial de Lugo nas condicións da normativa vixente a **transferencia de titularidade do tramo do viario provincial LU-P-610 comprendido entre os pq. 7+560 e pq.8+620.**

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para asinar o Convenio e as demais actuacións previstas facultandoa así mesmo para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.”

Polo Sr.Alcalde procédese a explicar a proposta que se formula intervindo tamén o Arquitecto municipal que sobre o plano concreta a mesma.

A Comisión Informativa en votación ordinaria por seis votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG e mixto) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e PSG-PSOE) acorda prestar aprobación á referida proposta e ditaminar favorablemente o expediente para adopción do correspondente acordo polo Pleno municipal.

Promóvese deliberación sobre o asunto preguntando o portavoz do Grupo Popular se o que se pretende é limitar o tráfico sinalando o Sr.Alcalde que non, so restrinxir tal e como está agora.

A Corporación, en votación ordinaria, por catorce votos a favor (dos membros dos Grupos do BNG, Popular e Mixto) e dúas abstencións (do Grupo Socialista) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

11.-EXPEDIENTE Nº 1424/2017, DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO REC/02/2017.

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

En aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2017, aínda que se tramita en paralelo a modificación de crédito 08/2017 financiada con remanente de tesourería para non crear tensións no orzamento corrente:

Bolsa Vinculación	Denominación	C. Disponible 2017	Importe REC 02/2017
1.2	Servizos públicos básicos. Gastos en bens correntes	1.210.226,65	23.775,27

	e de servizos		
1.6	Servizos públicos básicos. Inversións reais	352.431,01	4.911,44
2.2	Actuacións de protección e promoción social. Gastos en bens correntes e de servizos	208.594,71	1.863,26
3.2	Producción de bens públicos de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos	215.958,33	11.327,57
3.6	Producción de bens públicos de carácter preferente. Inversións reais	233.908,91	672,00
4.2	Actuacións de carácter económico. Gastos en bens correntes e de servizos	66.991,58	1.144,24
9.2	Actuacións de carácter xeral. Gastos en bens correntes e de servizos	154.579,97	1.854,58
9.4	Actuacións de carácter xeral. Transferencias correntes	24.841,00	5.892,95
TOTAL REC 02/2017			51.441,31 €

Visto e considerando o informe con reparos nº 053/2017 emitido polo Interventor Municipal de data 28/04/2017

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas e requiridas polo Concello de Ribadeo, foron executadas a satisfacción deste constando a correspondente conformidade, e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado, e non aprobalas suporía un enriquecemento inxusto para esta entidade.

Por todo o anterior, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Resolver os reparos efectuados e aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/2017 por importe de **51.441,31 euros**, correspondentes aos gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE
APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS,S.L.	Revisión de extintores de diversas instalacións municipais, fra. 201602562 de 22/12/2016, R.E. 27/123/2016	1.625,03 €
CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA.	Espectáculo " O Apalpador", fra. 589/2016 de 29/12/2016, R.E. 29/12/2016.	302,50 €
DIELECTRO INDUSTRIAL, S.A.U.	Conmutadores e mecanismos de superficie para	152,75 €

	o almacen de medio ambiente, fra. 106701 de 29.12.2016, R.E. 29.12.2016.	
MARÇIA SUSANA ALVAREZ RODRIGUEZ	Programa aqui como de 20, novembro, decembro 2016, fra. 13M16 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	1.799,87 €
CARMEN CRUZADO IGLESIAS	Prestación do servizo de gabinete de prensa mes de decembro 2016, fra. A0179/16, de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	627,99 €
EL PROGRESO DE LUGO,S.L.	Ribadeo, extra fin de ano na Mariña, fra. 11612 686, de 31.12.2016, R.E. 09.01.2017.	181,50 €
JOSE FERNANDEZ FRAGA	Festa infantil com inchables festas do nadal, fra. 68 16 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	1.119,25 €
GAME OVER PRODUCTIONS,S.L.	Produccion e promocion do V Festival Jazz Blues de Ribade, fra. 08-2016 de 12.12.2016, R.E. 15.12.2016.	2.904,00 €
MANUEL JESUS GARCIA FERNANDEZ-MOSQUEIRA	Aluguer parcela en A Capela o Rego da Rúa Nova para vertedoiro de entullos e punto limpo ano 2015, fra.1/2015 de 31.12.2015,R.E. 03.04.2017	726,00 €
MANUEL JESUS GARCIA FERNANDEZ-MOSQUEIRA	Aluguer parcela en A Capela o Rego da Rúa Nova para vertedoiro de entullos e punto limpo ano 2016, fra.1/2016 de 31.12.2016,R.E. 03.04.2017	3.630,00 €
GESTION GRATELU,S.L.	Árido reciclado para camiño punto limpo, fra. 0650 de 29.12.2016, R.E. 30.12.2016.	304,92 €
GESTION GRATELU,S.L.	Árido reciclado e servizos de retroexcavadora e camiión para camiño en Sta. Cruz, fra. 0651 de 29.12.2016, R.E. 30.12.2016.	463,43 €
GESTION GRATELU,S.L.	Residuos invernadoiros casa do Optico, fra. 0652 de 29.12.2016, R.E. 30.12.2016.	66,00 €
GESTION GRATELU,S.L.	Árido reciclado para camiño punto limpo , fra. 0653 de 29.12.2016, R.E. 30.12.2016.	110,00 €
GESTION GRATELU,S.L.	Residuos invernadoiros casa do Optico, fra. 0654 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	132,00 €
GRUPO VOAR,S.L.	Cea corais festival de panxoliñas, fra. 4932 de 24.12.2016, R.E. 26.12.2016	1.540,00 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Cultura e Mocidade, fra. 1600326 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	108,48 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Cultura , fra. 1600327 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	123,52 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Escola de Música e	600,62 €

	Obras , fra. 1600328 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros pilas para Policia Local, fra. 1600329 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	5,99 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Hospital Asilo, fra. 1600330 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	39,19 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para C.E.I.P. G.Sanz , fra. 1600331 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	89,96 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Medioambiente, fra. 1600332 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	420,54 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Praza de Abastos, fra. 1600333 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	20,51 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Obras, Turismo e Mocidade, fra. 1600334 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	56,01 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Deportes, fra. 1600335 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	27,04 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Urbanismo, Mocidade e Administración Xeral, fra. 1600336 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	23,28 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Cemiterios, fra. 1600337 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	131,22 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministros diversos para Mocidade, fra. 1600338 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	85,49 €
MORAN RIBADEO,S.L.	Suministro vestuario para Obras, Limpeza Viaria, Xardineria e Recolla de Lixo, fra. 1600339 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	3.962,79 €
JESÚS OTERO ARES	Servizos de asistencia técnica informática para Administración Xeral, fra. A/207 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	368,22 €
ROTUGRAF RIBADEO,S.L.	Pegatinas e paneis para o servizo de Obras, fra. 000677/16 de 21.12.2016, R.E. 27.12.2016.	68,97 €
LEANDRO SENDIN FERNANDEZ	Reparacion depuradora de Porto, fra. 86/ 2016 de 14.12.2016, R.E. 29.12.2016.	965,58 €
SISTEMAS DE OFICINA DE LUGO,S.A.	Mantemento copias fotocopiadora Escola de Musica, fra. 1606795 de 21.12.2016, R.E.28.12.2016.	41,77 €
TORVAR, S.L.U.	Aluguer grupo electroxeno Mercado do Nadal, fra. 37 de 15.12.2016, R.E. 26.12.2016.	339,77 €

URBASER,S.A.	Xestión depósito de entullos e punto limpo mês de decembro 2016, fra. 30537FACT160024 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	1.019,79 €
MANUEL VAZQUEZ GONZALEZ	Aluguer equipos de son para regata de traíñeiras, campeonato de remo e gala do deporte, fra. 105/2016 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	302,50 €
VIGO MUSICA,S.L.	Instrumentos para a Escola de Musica, fra. 16/0906/S1 de 30.12.2016, R.E. 30.12.2016.	672,00 €
VOZ DE GALICIA RADIO,S.L.U.	Publicidade Ribadeo de Tapeo e outros, fra.002795 de 31.12.2016, R.E. 19.01.2017.	689,70 €
VOZ DE GALICIA RADIO,S.L.U.	Publicidade Diversos eventos, fra.002532 de 31.12.2016, R.E. 19.01.2017.	689,70 €
ACRUX TECHNOLOGIES XXI,S.L.	Reparación lamparas leds para alumeados públicos, fra. 33/2016 de 30.08.2016, R.E. 02.02.2017	300,81 €
AMTEVO MEDIOAMBIENTE,S.L.,	Suministro de 10 contedores para Recolla de Lixo, fra. 160366 de 04.10.2016, R.E. 17.01.2017.	1.987,80 €
ALVARO JOSE COTO ARIAS	Reparación desbrozadora FS 460, fra. 165 de 23.11.2016, R.E. 26.01.2017.	35,09 €
ELECTRICIDAD NUÑEZ, S.L.	Reparación e programación fonte do Parador, fra. 01/00000863 de 15.08.2016, R.E. 06.02.2017.	764,49 €
ELISEO ENRIQUEZ FREIJE	Revisar fallo motor motobomba, fra. 1/1071/16 de 31.10.2016, R.E. 23.01.2017.	185,78 €
CARMEN GARCIA CACHAFEIRO	Agasallo para o grupo de teatro de Ribadeo, fra. 13 de 21.12.2016, R.E. 03.03.2017.	89,35 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Suministro de produtos diversos para Obras, Asilo, Cultura, Mocidade e Deportes, fra. 28.741 de 31.10.2016, R.E. 17.01.2017.	309,42 €
IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMP.,S.L.	Suministro de produtos diversos para Obras, Asilo, e Deportes, fra. 30.394 de 15.11.2016, R.E. 17.01.2017.	710,96 €
MULTISPORTS GALICIA,S.L.	Prestación de servizo de controis da Media Maratón das Catedrais, fra.259 de 12.09.2016, R.E. 03.02.2017.	1.742,31 €
RECUPERACIONES ECOLEX, S.L.	Recolla e xestión de residuos perigososdo punto limpo, fra. F16/806 de 31.10.2016, R.E. 26.01.2017.	367,40 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación furgon obras, fra. FE/515 de 31.03.2016, R.E. 02.02.2017.	117,54 €
TALLERES GASALLA,S.L.	Reparación terrano obras, fra. FE/526 de 01.04.2016, R.E. 02.02.2017.	90,75 €

INSTITUTO PARA LA CALIDAD TURISTICA ESPAÑOLA	Dereitos uso marca "Q" de calidade turística Praia dos Castros/Illas, fra. 770/14 de 01.10.2014, R.E. 26.10.2016.	510,62 €
ZARDOYA OTIS, S.A.	Mantemento ascensor Casa Consistorial 4º trimestre 2016, fra. 6F57378 M de 01.10.2016, R.E. 20.01.2017.	467,17 €
VIAQUA,S.A.U.	Ampliación rede de auga a escola de Couxela, fra. 247-18/14 F de 18.11.2014, R.E. 18.11.2014.	2.923,64 €
AUGAS DE GALICIA	Liquidación canon da auga e coeficiente de vertedura anos 2013 e 2014, liquidacións A/151/0091/M/01 e B/151/0091/M/02 de 15.07.2016, R.E. 11.08.2016.	8.407,35 €
INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA	Liquidación parte proporcional facturas de subministro de auga e luz correspondente a Casa da Música do ano 2013 , R.E. 27.04.2017	5.892,95 €
TOTAL		51.441,31 €

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento Xeral municipal para o exercicio 2017 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes, segundo o sinalado na relación de facturas 23/2017 e 24/2017, mentres non sexa aprobado definitivamente no seu caso o expediente de modificación de crédito 08/2017, nas que se realizará a correspondente retención."

A Comisión Informativa por sete votos a favor (dos membros do BNG, Grupo Socialista e Mixto) e dous en contra (dos membros do Grupo Popular) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos seus propios termos, para a súa elevación ao Pleno municipal.

A Corporación, en votación ordinaria, por doce votos a favor (dos membros dos Grupos B NG, PSOE e Mixto) e catro en contra (dos membros do Grupo Popular) acorda prestar aprobación ao ditame transcrito nos seus propios termos.

12.-CONTROL DOS ORGANOS DA CORPORACIÓN (art.46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE REXIME LOCAL) DACION DE CONTA DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA ENTRE O 1 DE FEBREIRO E O 31 DE MARZO DE 2017 (EXPT.1795/2016).MOCIONS.ROGOS E PREGUNTAS.-

MOCIONS.-

* Do Grupo Popular sobre inicio de trámites para saneamento na parroquia de Vilaframil, barrio de San Xillao.

DECRETOS DA ALCALDIA-PRESIDENCIA.-

A Corporación dase por enterada dos Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia no exercicio das súas competencias correspondentes ao período 1 de febreiro a 31 de marzo de 2017 que obran no correspondente expediente posto a disposición do Pleno municipal.

Sendo as 21 h. e 7 minutos auséntase do Salón de Sesi3ns o Concelleiro Sr. D.Jorge D3az Freije

MOCI3NS.-

DO GRUPO POPULAR SOBRE INICIO DE TR3MITES PARA SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAFRAMIL, BARRIO DE SAN XILLO

Dase conta da Moci3n formulada polo Grupo Popular, que se transcribe:

MOCION DO GRUPO POPULAR SOBRE INICIO DE TR3MITES PARA SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAFRAMIL, BARRIO DE SAN XILLO.-

“Dado que no noso Concello, nun existe rede de saneamento na inmensa maiorla do noso rural.

Por parte do Goberno municipal e con total acerto, lévase propoñendo nas 3ltimas campañas electorais e a s3a vez, o noso partido, tam3n levaba unha proposta neste mesmo sentido, a necesidade de acortar as distancias con respecto os servicios entre o rural e o casco urbano de Ribadeo, e en concreto no referente a saneamentos.

Despois de recoller as demandas dos veci3os, de San Juli3n, Villaframil, urxindo a actuaci3n neste sentido, expoñ3ndonos que xa se hab3an posto en contacto co Concello, non obtendo ning3n resultado positivo e a s3a vez en alg3n caso foran sancionados por vertidos das fosas s3pticas.

Por outra banda, a proximidade da canalizaci3n, pr3xima a u3a de FEVE, feita pola Consellerla de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, fan esta obra, se cabe m3is factible e con menor coste en comparaci3n con outras, que puideran precisar de depuradoras ou outro tipo de sistema de depuraci3n das augas fecais.

Dado que no referente a saneamentos, a competencia e municipal e o que desde o noso grupo, pretendemos axudar a solucionar os problemas dos nosos veci3os, colaborando entre as Administraci3ns na procura de acadar os mellores resultados, e neste caso concreto, a realizaci3n da mencionada obra, tan demandada polos m3is interesados, que son os nosos veci3os, como a s3a vez, comezar con unha tarefa mol necesaria e urxente no noso Concello.

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporaci3n Municipal de Ribadeo acorda:

-Instar o Concello de Ribadeo a iniciar os tr3mites: permisos licencias e demais requisitos necesarios para a realizaci3n da mencionada obra de saneamento en San Juli3n, Villaframil.

-Instar o Concelto a promover as xesti3ns necesarias ante outras administraci3ns para acadar a colaboraci3n t3cnica e econ3mica que permita impulsar este proxecto.”

Interv3n o voceiro D.Jes3s L3pez Penabad, do Grupo Municipal do PP, explica o contido da s3a moci3n e os motivos polos que decidiron que se ti3a que iniciar en Vilaframil. Indica que est3n a mover as axudas noutras administraci3ns para que sexa posible este proxecto.

O Sr. Alcalde dille que esa moci3n lle parece moi oportunista; indica que xa houbo actuaci3ns nas parroquias fai anos con outros gobernos auton3micos anteriores de distintos partidos.

Explicalle que as melloras e actuaci3ns feitas foron promovidas polo Concello e con fondos propios ou con fondos propios e m3is da Deputaci3n, e que a pesar de que os veci3os lle pagan o canon da auga 3 Xunta esta non aportou nada. Indica que se fixeron petici3ns 3 Xunta varias veces e que ata o momento non recibiron nada.

Reitera que lle parece oportunista a moción porque dende o Concello cada ano promoven melloras para os saneamentos, que anualmente nos presupostos autonómicos o Grupo do BNG propón 500.000 € para saneamentos na zona da Mariña, e que o Parlamento o rexeita cada ano.

Opina que é demagóxico que lles manden pedir o que todos anos piden e lles rexeitan. Indica que ademais todos os anos se ingresan na Xunta 200.000 € polo canon da auga e que nin sequera teñen retorno desa partida para amañar o saneamento.

Explica que decidiron seguir facendo actuacións con fondos propios no saneamento nas parroquias, que pediron os permisos pertinentes nas administracións correspondentes e que están a tramitar os expedientes e redactando o proxecto; que unha vez estea todo listo o sacarán a licitación.

Di que tamén lle ofende moito que cando un veciño se queixa polo saneamento que dende a Xunta lle digan que o saneamento é cousa do Concello cando en verdade é cousa da Xunta, e que aínda encima non invirten nada ou case nada. Manifesta que non van a aprobar a moción e que van a seguir a facer as actuacións con fondos propios según vaian podendo.

D. Jesús López Penabad di que a moción entrou o 30 de marzo, polo que non lle parece oportunista, e que eles o que fan é ofrecerse a mediar coa Xunta se fai falla. Di que comprende que a obra pretendida é importante e que o Concello non a pode soste e reitera que eles se ofrecen a mediar con outras administración. Opina que fagan o que fagan sempre os van ver mal, pero que eles presentaron a moción porque lle lo pediron, porque lles dixeron que o concello non tiña diñeiro para facelo.

O Sr. Alcalde preguntalle quen foi o que lle dixo iso.

O Sr. López Penabad di que foron os veciños, pero que non vai dar nomes.

O Sr. Alcalde contéstalle que todo o mundo quere ter o saneamento, pero que facelo para todas as parroquias pode costar 6.000.000 €; opina que tamén son de Deus os concellos que firman convenios coa Xunta para darlles o saneamento e que en Ribadeo non hai nin houbo nada diso. Sinala que lle gustaría que iso cambiase, pero que dende os organismos da Xunta nin sequera lles contestan ás súas peticións.

Don Vicente Castro Reigosa, do Grupo do BNG intervén e manifesta que aínda que a moción se presentase o 30 de marzo segue sendo oportunista porque xa se iniciou en febreiro o procedemento. Tamén opina que os veciños falan o que queren.

O Sr. Alcalde indica que hai que empezar dende o saneamento principal, cerca de Rinlo, e estendelo ata o lugar de San Xillao, e non como se fixo en Folgosa porque pensaban que a Xunta iba facer a parte que tiña prometida, pero que non fixo nada.

D. Jesús López Penabad, respecto do canon da auga, pregunta quen paga os gastos da depuradora.

O Sr. Alcalde di que se paga do canon da auga da Xunta de Galicia, pero que iso se fai porque o manda Europa. Indica que aínda que o salvamento nas praias sexa competencia municipal a Xunta aporta axudas; que ningún concello, nin o de Vigo, fai o saneamento “a peito”, polo que non lle parece ben que por un lado se lle negue a axuda e polo outro lles manden pedir.

O Sr. López Penabad repide que se ofrecen a mediar coa Xunta.

O Sr. Alcade dille que isto non é o porco de pe, que isto é unha institución con un sistema de maioría e minoría, que non vai “facer bochinchas” e que o que contan son as solicitudes que se enviaron a través do rexistro de saída.

Intervén o Concelleiro do BNG Don Farruco Graña e manifesta que lle está a dar a sensación de que a Xunta non vai a interceder nin facer nada ata que sexa o Grupo municipal do PP o que o xestione.

O Sr. López Penabad contéstalle que iso é o que eles queren vender, que iso é apreciación deles.

Continúa o debate sobre ese asunto sinalando por Secretaría ao Sr. Alcalde que non se está a

desenvolver ben o pleno e o Sr. Alcalde zanxa a discusión e dalle a palabra a Dona Marta Saiz García.

A Sra. Saiz García, do Grupo de Cidadans – Grupo Mixto-, opina que a ela tamén lle da a sensación de que fan ver que a Xunta non vai a dar nada a Ribadeo ata que o pida o Sr. López Penabad; indica que tampouco ve lóxico presentar unha moción cando xa hai unhas trámites iniciados.

Dona Aurora González Ginzo do Grupo Municipal Socialista indica que está a favor de que se faga o saneamento e que se empece por esa zona; indica que non sabía que estaban iniciados os trámites e di que o importante é conseguir que se faga, que sabe que a relación da Xunta co Concello non é boa, pero que tampouco lle importa quen faga os trámites nin quen se leve o mérito. Di que non se pode negar á colaboración ou intervención doutro grupo, que o importante é o servizo.

Don Jesús López Penabad agradece as palabras de D^aAurora Gonzalez e di que ese era o significado da súa moción.

Don Vicente Castro reitera que a moción entrou despois de que se iniciasen os trámites, e que aos 15 días de facer levantamentos e medicións foi cando presentaron a moción.

O Sr. López Penabad négao e di que quen ten razón é Aurora, que non se pode votar que non a facer unha cousa porque pareza oportunista.

Don Vicente Castro dille que non distorsione a realidade, que actuación aínda que se vote que non a moción se vai facer porque xa están iniciados os trámites.

O Sr. López Penabad sinala que eles actuaron porque llo pediron os veciños, que se queixaban de que alí non se facía nada.

O Sr. Alcalde di que haxa paz, que lle parece todo ben, pero que hai cousas que aínda non deixan de sorpréndelo na política, como as afinidades que ve. Dille ao Sr. López Penabad que se quere mediar coa Xunta pode falar persoalmente con quen corresponda e decirlles que non deberían ser tan malos co tema da Residencia ou co tema da auga, que ese é o xeito de mediar.

O Sr. López Penabad di que el vai mediar no pleno, que non lle parece lóxico o que di o Alcalde.

O Sr. Alcalde indica que eles son o Goberno escollido democráticamente polos veciños e que teñen unha corresponsabilidade. Indica que lle doe que o Sr. López Penabad sexa coñecedor dos graves problemas que hai coa auga, que se teña pedido de varios xeitos axuda e que ata hoxe non teñan nada. Manifesta a súa indignación polo abandono de Ribadeo por parte da Xunta, que pode aceptar certo xogo político, pero non que se xogue coa saúde das persoas.

Explica que había moitas cousas ás que tiña dereito Ribadeo por lei e que non as ten, e que non admite que aínda encima teñan que pasar por debaixo da mesa e darlle as grazas a alguén porque o acompañe á xunta a pedir esas cousas. Dille ao Sr. Penabad que se nas próximas eleccións saen escollidos que vaian a onde teñan que ir e fagan o que teñan que facer.

Dona Aurora González explica, respecto ao que dixo o Sr. Alcalde sobre afinidades políticas, que ela está ahí para defender os intereses dos veciños, non as siglas do partido. Explica que lle parece unha obra importante e necesaria, que entende as explicacións do Sr. Alcalde, pero que lle sorprende acusar de oportunismo ao PP cando iso o fan todos os partidos en política.

O Sr. Alcalde di que a política municipal é distinta, que hai cousas que sorprenden para ben e cousas para mal.

Dona Aurora González di que estaría moi ben conseguir que a Xunta aportase cartos para o proxecto, porque así os fondos aforrados se poderían usar para outras cousas.

En sinal de desacordo coas manifestacións do Sr. Alcalde ausentanse do Salón de Plenos os Concelleiros Sres. Garcia Suárez e Estevez Fernández do Grupo do PP sendo as 21,31 horas

Sometida a votación a Moción, resulta rexeitada por nove votos (oito dos membros do BNG e un da Concelleira do Grupo Mixto) e 4 votos a favor (dous dos membros Grupo Popular e dous dos membros do Grupo Socialista).

ROGOS E PREGUNTAS.-

DO GRUPO MIXTO.-

Dona Marta María Saiz García indica que non ten rogos e preguntas. Non se formula ningún.

DO GRUPO SOCIALISTA

Intervén a Concelleira Sra. González Ginzo do Grupo Socialista que manifesta que se debería poñer máis atención para garantir maior seguridade no mercado dos mércores, xa que se están a producir bastantes roubos de carteiras. Tamén reincide no mantemento dos parques e indica que no parque do Xardín hai un columpio roto.

Don Vicente Castro Reigosa, concelleiro delegado de infraestruturas manifesta que o columpio xa está arranxado.

Dona Aurora González, respecto do acceso á autovía polo barri de Os Galos, manifesta que non sabe de quen é a titularidade da estrada, pero que está en bastante mal estado.

O Sr. Alcalde indica que é coñecedor, pero que é do Estado a referida estrada.

A Concelleira do Grupo Socialista no uso da palabra manifesta tamén que hai problemas no tramo de autovía entre A Devesa e Ribadeo, que poñen un parche e aos dous días está estropeada. Pregunta se se podería solicitar mediante moción que a amañen.

O Sr. Alcalde contéstalle que xa solicitaron e xa se fixeron actuacións por parte de Fomento, pero que agora teñen algunos problemas pendentes de solucionar porque non lles chega o material.

Dona Aurora González, respecto do aparcamento que hai detrais do polideportivo pequeno, indica que está en mal estado, respostando o Concelleiro Sr. Castro Reigosa que ahí xa está previsto actuar.

Dona Aurora González pregunta cando respostándose polo Sr. Castro Reigosa que dentro deste ano.

Dona Auroa González pregunta tamén si se recibeu algunha resposta dos organismos aos que se lles pideu o informe sobre Illa Pancha.

O Sr. Alcalde resposta que recibiron de Urbanismo da Xunta de Galicia onde indican que para eles está ben, pero que é responsabilidade da Autoridade Portuaria, que non é competencia súa. Explica que recibiron outra resposta, da Autoridade Portuaria, decíndolles que xa lles contestarían.

Indica que o sorprende que habendo solicitado información sobre os cauces formais, e que se está todo correcto, tarden tanto en contestar. Tamén explica que está convencido que a actuación do concello neste tema foi correcta e legal.

Dona Aurora González, respecto aos cortes da luz, pregunta si se pode facer algo a maiores do que se fixo ou se hai algunha novidade.

O Sr. Alcalde indica que nos últimos anos, cando houbo estes problemas, lle dixeron que a única solución é facer a subestación eléctrica. Di que dende a compañía eléctrica lle dixeron que teñen que esperar a ter a resolución xudicial sobre este asunto e que unha vez a teñan firmada se reanudarán os traballos.

A Sra. González Ginzo, indica que hai unha moción que se trouxo a pleno e que se aprobou fai máis dun ano respecto ao colectivo LGTBI; explica que a parte de poñer a bandeira no balcón o 28 de xuño non viu que se fixera ningún dos actos que recollía a moción e indica que fai a pregunta porque o 17 de maio é o día da LGTBI e se están a ver atentados contra o colectivo en Chechenia; explica que aínda que o concello non poida solucionar, habería que facer algo de ruído para concienciar á xente e pide que se lle dea cumprimento á moción e facer un manifesto de repulsa o 17 de maio.

O Sr. Alcalde contéstalle que esa moción foi aprobada parcialmente e que especificamente sobre o punto do 17 de maio xa se debatiu que era o día das Letras galegas e que eles actuaban todo o ano e non so ese día. Explica que dende o concello traballan todos os días por esas persoas que son tratadas diferente.

Don Xosé Farruco Graña, concelleiro do BNG explica que en verán houbo unha exposición organizada pola Deputación Provincial durante 8 ou 10 días.

Dona Sonia Meilan Vizoso, concelleira de Asuntos Sociais, do BNG, respecto da campaña de SEEDUC para a prevención do VIH explica que xa dixo que non se ía a facer só con colectivos, senon coa poboación en xeral, porque lle parecía unha boa forma de integralos. Di que fixeron a presentación da guía e que só acudiron persoas do seu grupo municipal e comenta o resto de campañas que se están a realizar en colexios. Indica que hai máis cousas que facer.

Dona Aurora Gonzalez sinala que o do VIH é un dos puntos que se excluiu na moción e que ela está a preguntar polo cumprimento dos puntos da moción.

Dona María Luz Álvarez Lastra, concelleira tamén do Grupo de goberno e delegada municipal explica que houbo varios puntos que non se aprobaron. O primeiro o do día das letras galegas porque entenden que hai outro tipo de celebracións e o trasladaron a outro día, pero que non é cousa para celebrar so un día e que hai que facelo ao longo de todo ano, que é o que se está facendo.

Dona Aurora González di que só se está a facer sobre o VIH.

Dona María Luz Álvarez di que non, que están a abarcar máis ca iso.

O Sr. Alcalde, respecto á pregunta anterior sobre Illa Pancha, indica que a parte de todo o dito antes, ten que dicir que a día de hoxe hai unha falta de eficacia da comunicación previa e explícalle aos asistentes en qué consiste a comunicación previa para apertura dun negocio: que o interesado declara que cumpre todos os requisitos legais para abril. Indica que coa lexislación antiga só se podía abrir un negocio cando se concedía a licencia de apertura, pero que agora coa actual cando unha persoa considera que cumpre a lexislación trae unha declaración manifestando que cumpre e pode abrir. Indica que neste caso se viu dende o Concello que esa declaración responsable non cumpría os requisitos, polo que se clausurou a actividade, perdendo a eficacia a comunicación previa.

Dona Aurora González pregunta se xa está clausurada a actividade.

O Sr. Alcalde contéstalle que si e indicalle que esta forma de proceder non é unha cuestión extraordinaria.

A Sra. González Ginzo volta sobre o anterior asunto e manifesta que ela non estaba propñendo facer unha celebración o día 17 de maio senon que a parte das celebracións polo día das Letras Galegas, lanzar un manifesto en contra da homofobia. Indica que non lle parece que sexan cousas incompatibles.

O Sr. Alcalde explica que este tema xa se debatiu noutra moción fai uns meses e que él sigue discrepando.

Dona Aurora González di que na moción pedían a celebración do día e que hoxe piden so unha manifestación institucional en contra.

O Sr. Alcalde dille que o mirarán e reitera que eles o traballo sobre o tema o fan todo o ano e máis que acuden. Dona Aurora González resposta que ela acude se pode.

DO GRUPO POPULAR

Intervén a concelleira Dona María Rosina Tosar López que manifesta que queren un tono máis cordial cando os membros do grupo do BNG se dirixen a eles. Opina que se dirixen de forma distinta a outros concellerios doutros partidos que cando se dirixen a eles.

Don Vicente Castro Reigosa sinala que non se dirixen de xeito distinto e que non hai ningún tema persoal

O Sr. Alcalde di que non ten intención de desagradar a ninguén dende o punto de vista do debate político. Opina que isto é unha cuestión de cómo se enfoquen os debates, que hai que ser deportivos con todos, pero que cando un esta falando e ve como os demais falan polo baixo, lle dan á cabeza e rebaten cousas que son obvias podes encender algo.

Manifesta que cada un fala da súa forma, que el ás veces pode parecer que está enfadado pero que non é así. Indica que non ten ningún problema con ningún membro da corporación e que lle gusta ter bo trato con todos.

Explica que está moi doido con actitudes da xente e que non lle gusta que lle ataquen con cousas obvias e que os cuestionen, pois chega un momento que estoupas e ao mellor falas mal. Pon o exemplo de cando Labordeta mandou a todos á merda no Parlamento; opina que non o debería facer, pero que tamén hai debates nos que non se debería provocar tanto. Dilles aos do grupo municipal do PP que nas súas filas teñen auténticos reventadores institucionais.

O Concelleiro Sr. López Penabadi pide que limpen as beirarrúas e as cunetas en San Xillao, que están en moi mal estado.

O Sr. Alcalde di que nesa zona hai un camiño estreito que é municipal, que para o da estrada hai que chamar á Xunta para que o limpen porque é dela.

Don Vicente Castro di que fai pouco que pasou por alí e que lle parece que se asfaltou.

O Sr. Alcalde explica que San Xillao está nunha encrucillada, porque hai estradas da Xunta, do Estado e do Concello; indica que o que teña que ver co Concello o intentarán facer

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinteunha horas e cincuenta e oito minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE